

Metodoloxía do “Catálogo do Patrimonio Industrial da Ría de Vigo”



Vigo, Xaneiro de 2018.
Uxío Reinoso Maset.

DEFINICIÓNS

1. Obxeto:

O obxeto deste “Catálogo” transcende o Patrimonio Industrial en sentido estricto. Na procura dunha comprensión da cultura material da “era industrial” no noso ámbito, serán obxeto deste catalogo os restos da cultura materiais (mobles ou inmobles) e ecofactos das seguintes actividades:

- a) **Industria:** produción de bens de consumo e equipos, no que, comparativamente a outras formas de produción coetáneas (tradicionais, artesanais, artísticas,...), se da un alto componente de todos, ou case todos, estes factores:
 - i. innovación tecnolóxica,
 - ii. emprego masivo de máquina-ferramenta,
 - iii. estandarización do produto,
 - iv. grandes infraestructras,
 - v. organización social con fins puramente lucrativos,
 - vi. financiamento capitalista,
 - vii. redes comerciais e/ou loxística supralocais.

- b) **Proto-industria:** proceso de produción de bens de consumo e equipos no que apenas se den un, ou uns poucos, dos factores relativos anteriormente sinalados; sempre e cando sexan entendidos como unha fase previa ou actividade dependente das propiamente industriais.

- c) **Minería e pesca** feita cos factores relativos anteriormente sinalados.

- d) **Transportes, abastecemento e equipos públicos** nos que, no momento do seu establecemento se adoptasen tecnoloxías e enxeñerías novidosas e grandes capitais (públicos e/ou privados), en concreto os casos de:
 - i. Ferrocarril.
 - ii. Electricidade.
 - iii. Gas.
 - iv. Telefonía.

- v. Auga (excluíndo sistemas de rego).

Asi mesmo poderán incluírse:

- e) **Vivendas, almacéns** e outras edificacións sen actividades productivas, cando fosen erixidas pola empresa para o servizo da industria ou o seu persoal.
- f) **Guindastres e outras máquinas e enxeños portuarios** ou asociados a industrias feitos en ferro/aceiro.
- g) **Vías de comunicación e outras infraestruturas de uso exclusivo de industrias**, minería ou servizos portuarios.
- h) **Mobiliario urbano feito en ferro/aceiro** (sempre que fose producido e se conserve dentro do ámbito xeográfico sinalado).


2. Ámbito xeográfico:

A conca hidrográfica das rías de Vigo e Aldán (excluído o termo municipal de Bueu).

Nota: no caso dos bens mobles considerarase a súa inclusión en base a súa produción dentro do “ámbito xeográfico definido”, ou tamén pola súa estreita asociación con industrias do ámbito definido. No caso de estar localizados fora do ámbito xeográfico definido, poderán ser obxecto de catalogación: indicárase a súa localización actual na ficha, pero non será incluído no mapa.

3. Ámbito temporal:

Comprenderanse os elementos fundados ou en funcionamento entre 1701 e 1973.



FICHA MODELO, e indicacións para cumprimentala.

Indice:

A. Título.

a.1 Ficha

a.2 Nome

B. Presentación.

b. 1 Tipoloxía

b.2 Sector

b.3 Uso Actual

b. 4 Texto de presentación

b. 5 Imaxes de presentación

C. Localización

c.1 Concello

c.2 Parroquia

c.3 Lugar

c.4 Enderezo

c.5 Coordenadas

D. Historia

d.1 Fundación

d.2 Feche

d.3 Fundador/a

d.4 Reseña históricas

d.5 Procesos e produtos

d.6 Fotos antigas

d.7 Maquinaria conservada

d.8 Materialia

E. Arquitectura

e.1 Superficie parcela

e.2 Superficie ocupación

e.3 Descriptiva (arquitectónica ou técnica)

e.4 Planos

e.5 Estado de conservación

e.6 Fotos actuais

F. Cívica

- f.1 Visitabilidade
- f.2 Uso actual
- f.3 Propiedade
- f.4 Protección histórico-cultural
- f.5 Afectación Urbanística
- f.6 Proxectos de reutilización

G. Saber máis

- g.1 Patrimonio relacionado
- g.2 Testemuñas
- g.3 Bibliografía

Título		
a.1	Ficha	Número de ficha según designación correlativa. (A cumprimentar polo coordinador/a.)
a.2	Nome	Indicarase un nome común e breve, ou abreviado se é preciso (30 caracteres máximo) para incluílo no título da ficha. Admítense denominacións múltiples (indicando unha única como preferente para a presentación da ficha na lista do blog e os pop-up do mapa). Nesta escolla primarase, por esta orde, o criterio popular (empregados/as, veciñanza,...), a autodenominación (razón empresarial, letreiros e marcas) e por último os bibliográficos ou xornalísticos. En caso de conflitos de criterios e denominacións múltiples (cambios de empresa, de uso,...) escollerase como preferente a que teña maior correspondencia coa materialidade conservada. O resto de denominacións históricas que non sexan recollidas neste campo deberán indicarse na “Reseña histórica” (d.4).

Presentación		
b.1	Tipoloxía	A tipoloxía definirase por criterios productivos (por exemplo: fabrica de pan e fariñas, conserveira, vidriera, téxtil,...) O coordinador procurará armonizar e agrupar as tipoloxías pola súa representatividade escapando de diferenciacións moi técnicas (por ex:

		hidroeléctrica vs. salto de auga, guindastre vs. guindastre tipo luffing, ...).
b.2	Sector	As tipoloxías agruparánse según o seguinte cadro: - Pesqueira: - salgas, - conserveiras, - viveiros - secadoiros - cocedoiros - cetáreas - depuradoras - frigoríficos - embarcacións (de pesca) ... - Naval - estaleiros tradicionais - estaleiros (modernos) - varadoiros - desguaces - fabricas de efectos navais (redes,...) - embarcación (distinto de pesca)... - talleres de motores navais ... - Mecánico-metalúrxica - fábricas de latas - fábricas de maquinaria e motores - talleres de maquinaria e motores (excepto naval) - fundicións - fábricas de automóbiles e os seus componetes - fábricas e talleres electromecánicos... ...

- | | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none">- Química<ul style="list-style-type: none">- petroquímica- fábricas de carburos- cementeira- refinarias de aceites- fábricas de xabón- ...- Agroalimentaria<ul style="list-style-type: none">- fábricas de pan, fariña e piensos- cervexeiras- fábrica de gaseosa e outras bebidas- matadoiros-- Cerámica e vidro<ul style="list-style-type: none">- fábricas de cerámica- fábricas e talleres de vidro- telleiras....- Enerxía e auga<ul style="list-style-type: none">- centrais de enerxía eléctrica- transformadores- gas- embalses de abastecemento de auga- depósitos- canles...- Transporte e comunicacións<ul style="list-style-type: none">- ff.cc.- tranvía- peiraos |
|--|---|

		- guindastres - naves de servizo portuario (pesca e mercancías, excluídos os exclusivo de pasaxeiros) - telégrafo - telefonía - naves loxísticas ... - Varios - téxtil - serradoiros - curtidurías - imprentas
b.3	Uso actual	Outorgáraselle un “uso actual” ao elemento atendendo simultaneamente á actividade (no caso que a haxa) e o estado de conservación (no caso de que esté abandonada): No caso de que haxa actividade, atenderase á principal e máis próxima productivamente á orixinal; desestimando actividades secundarias e accesorias (ex: nunha antiga “conserveira”, na que aínda se procesen alimentos, pero que complementariamente se convertise en almacén, garaxe de vehículos, tenda,... sinalarse únicamente a actividade principal: “Conserveira”) En caso de que non teña uso ningún, asignárase un dos seguintes estados: - “Baldío”. Cando se manteña un nivel de conservación das estruturas aceptable arquitectónicamente, que permitisen a algun tipo de rehabilitación (máis ou menos custoso) e a súa reutilización como estrutura. - “Ruina”. Cando, o estado de conservación arquitectónico sexa tan malo, que as estruturas conservadas (restos de muros, arcos,...) aínda sendo recoñecibles como tais, non se poida realizar unha simple rehabilitación (e se acaso, o que se daría, sería unha

		reconstrucción ou nova construción) - “Vestixio”. Cando apenas queden algún rastro material da antiga estrutura ou actividade, sendo só recoñecible a existencia e/ou natureza da mesma con información complementaria. Sería o caso de pervivencias estruturais pequenas, reducidas, ailladas,.. (tipo: un muro arrasado, unha columna aillada, un treito de calzada do acceso,...) ou ecofactos (concheiros, basureiros, explanadas, desmontes, recheos,...). - “En rehabilitación”. Cando haxa previsto, ou se esté realizando un programa de conservación ou rehabilitación. No caso de elementos mobles (ou inmobles trasladados), diferenciarase: - “Exposición”. Cando o elemento fose obxecto de traballos de rehabilitación e/ou conservación e sexa visitable e/ou visible polo público. - “Depósito”, cando un ben estea sendo conservado nun lugar alleo ao público. - “Abandonado”, cando o ben non estea sendo rehabilitado, conservado ou simplemente custodiado para a súa posterior rehabilitación, sexa nun lugar visitable ou non polo público.
b.4	Texto presentación	Máximo 300 caracteres. Texto de presentación para a entrada do “blog”, non sairá na ficha. Procurarse un texto chamativo, no que amais de fitos e valores históricos e arquitectónicos, tamén poden entrar valoracións positivas de tipo simbólico, estético e cívicas (por exemplo “ansiada rehabilitación”, “fermoso exemplar”, “testemuña de”, “icono de”,...) .
b.5	Imaxes presentación	Para a ficha, escolleranse 3 fotografías ou ilustracións históricas do elemento (nunca planos, esquemas, logos,...). A ser posible dende puntos de vista similares e de distintas épocas (ordenandoas na galería de tal xeito que se faga un percurso histórico). Preferiranse vistas xerais e emblemáticas as de detalles o de elementos desaparecidos ou moi transformados. Para a entrada do “blog”, unha única imaxe, a ser posible histórica, escollendo unha de boa calidade, cunha vista xeral e emblemática.

		No caso de que non haxa imaxes históricas poderan escollerse fotos actuais.
--	--	---

Localización		
c.1	Concello	En caso de bens mobles (para este, e o resto de campos de “localización”) indicárase o seu lugar de depósito ou exposición, nunca a de orixe.
c.2	Parroquia	
c.3	Lugar	Procurárase a toponimia tradicional, evitando o rueiro moderno e a coincidencia da denominación coa de “Parroquia” ou do “Enderezo”.
c.4	Enderezo	Nome de vía pública e numeración en caso de habela. En caso de inmobles con accesos ou frontes a diferentes rúas, sinalárase o enderezo postal e/ou do acceso principal (históricos).
c.5	Coordenadas	Dous tipos de coordenadas: - Latitude e lonxitude en grados, minutos y segundo. - Sistema decimal para GPS, sistema WGS 84, ata o 4º decimal.

Historia		
d.1	Fundación	Ano de comezo da actividade industrial principal (en consonancia coa/s “Tipoloxía/s” definidas no campo b.1)
d.2	Fecha	Ano de fin da actividade industrial principal (en consonancia co campo b.1). En caso de que continúe a actividade sinalárase “activo”.
d.3	Fundador/a	Máximo 40 caracteres. Persoa ou razón social da empresa ou institución que iniciou a actividade industrial principal. (en consonancia co campo b.1). En caso de que a denominación completa non entre nos 40 caracteres abreviarase e explicárase completa no campo “Reseña Histórica”.
d.4	Reseña histórica	Nun máximo de 5000 caracteres. Reseñárase: - datos e fíos principais da fundación do ben: persoas, empresas e institucións implicadas; equipos, produtos* e organización orixinaria. - evolución funcional (novas liñas de produción*, adquisición de

		equipos, ampliacións de plantilla,...) e constructiva** (ampliacións, reformas,...). - mudanzas na propiedade (cambio de mans, entrada de socios, ampliacións de capital,...). - causas e circunstancias do fin da vida industrial. - fitos na vida do ben tralo fin da actividade industrial (cambios de propiedade, derrubes, incendios, restauracións, ...). - Evitarase: - desenrolar datos xerais e relatos sobre o contexto social, económico, político..., que non teñan conexión directa e explícita co ben en catalogación. No caso de haber espazo, poderán sinalarse datos e series de datos (non demasiado permenorizados) que den unha idea momento puntual ou evolución activida (número de empregados, volume de produción, facturación,...). Notas: - as notas bibliográficas serán lixeiras e xeralista, evitando a reiteración de chamadas no texto á mesma fonte bibliográfica para dar detalle exhaustivo da orixe dos datos e informacións. * os detalles e concrecións sobre o proceso productivo e os produtos desenvolveranse no campo seguinte (d.5). ** sinalarase o fito da evolución constructiva (“ampliación da nave principal”, “creación dun taller anexo”,...), os detalles faranse no campo “descriptiva arquitectónica” (e.3) e/ou “estado de conservación” (e.5)
d.5	Procesos e productos	Nun máximo de 4000 caracteres. Sinalaranse: - as materias primas e outros insumos do produto (e as empresas ou centros provedores, especialmente se son do “ámbito xeográfico” definido no punto 2). - funcionamento da maquinaria e tarefas dos operarios/as. - procesos físicos e químicos realizados (tipo: cocción, fundición, baño, redución, cromado,...)

		- características do produto (tamaño, potencia, presentacións comerciais,...) - nome comercial, modelo,...do produto. - destino do produto (mercados, clientes,...) Nota: as notas bibliográficas serán lixeiras e xeralista, evitando a reiteración de chamadas no texto á mesma fonte bibliográfica para dar detalle exahustivo da orixe dos datos e informacións.
d.6	Fotos antigas	Seleccionaranse (ata un máximo de 21) ilustracións ou fotografías de diversas épocas. Admítense todo tipo de vistas do ben (aéreas, xerais, detalles, interiores,...) así como o retrato do persoal directamente relacionados co exemplar . Ordenaránse cronolóxicamente, de máis antiga a máis recente. No caso de ter un bo número de imaxes, evitárase a repetición das imaxes empregadas no resto de galerías. Procurárase sinalar a autoría e/ou fonte da imaxe. A data canto máis precisa mellor. En caso de descoñecer a data pode aventrarse unha aproximada.
d.7	Maquinaria conservada.	(Ata 21) fotos (actuais ou históricas) da maquinaria, vehículos, embarcacións e ferramentas conservadas. - os elementos aquí referenciados teñen que ser os propios do exemplar catalogado (conservense in situ ou non); para aqueles indirectamente relacionados (por ex.: equipos producidos no exemplar, máquinas do mesmo modelo cas empregadas no exemplar, ...) usar o campo “patrimonio relacionado”. - outro tipo de restos materiais conservados irán en “materialia”. - as imaxes de maquinaria non conservada, se acaso irán en “fotos antigas” (d.6). No texto que acompaña a imaxe indentificarase e farase breve descrición do ben (nome, modelo, ano, dimensións,...) Indicarase tamén data, autoría e/ou fonte da imaxe. En caso de que non haxa imaxes, farase relatorio dos elementos

		conservados e o seu estado.
d.8	Materialia.	Imaxes ou documentos dixitalizados en formato pdf (ata un máximo de 21 items) de todo tipo de restos materiais (conservados ou non) directamente relacionados* co ben, sexan de produtos do exemplar en catalogación ou nel integrados durante o seu funcionamento, tipo: - produtos. - materias primas e refugалlos da produción. - patrimonio documental. - equipos (vestiario, utillaxe,...). - equipos e material de actividades non productivas (oficina, laboratorio,...). No texto que acompaña a imaxe indentificarase e farase breve descripción do ben (nome, modelo, ano, dimensións,...). Indicarase tamén data, autoría e/ou fonte da imaxe. Nota: * no campo “patrimonio relacionado” (g.1) incluíranse aqueles bens dos cuais non se teña clara a súa relación directa coa exemplar catalogado (por ex.: unha lata “Massó”, que non se sabe se procede da factoría de Cangas ou da de Bueu)

Arquitectura		
e.1	Superficie parcela	Nun máximo de 22 caracteres, expresarase, en m2 ou hectáreas, a superficie total da propiedade histórica do exemplar, independentemente de reparcelacións posteriores. No caso de elementos dun complexo industrial que, por razóns tipolóxicas, se estén catalogando separadamente, indicarase a superficie do complexo. As complexidades sobre as dimensións da parcela e a súa propiedade explicaranse na “descriptiva arquitectónica”.
e.2	Superficie de ocupación	Nun máximo de 22 caracteres, expresarase, en m2 a superficie total que ocupaban historicamente o total das construcións baixo cuberta do exemplar catalogado.

		En caso de só coñecer o dato da/s construción/s principal/is, ou que se tivesen producido desaparicións de construcións baixo cuberta, farase unha chamada (*) que explique a circunstancia na “descriptiva arquitectónica”.
e.3	Descriptiva arquitectónica	Máximo 5000 caracteres. Primeiramente describirase a parcela e contorna do inmovible. Despois a disposición xeral das edificacións e seguidamente pasarase a relatar as edificacións e espazos de maior a menor importancia/volumen. Interesan datos de medidas, materiais e técnicas de construción. O enfoque principa será a descripción do estado actual e o historial das obras e reformas acontecido ata chegar a el; aínda que tamén (máis someramente) poderán sinalarse as aquitecturas desaparecidas (especialmente se deixaron vestixios). A mais de estes e outros aspectos constructivos, tamén será este espacio para sinalar arquitectos/as, exeñeiros/as, empresas constructoras e demais persoas responsables. Nota: as descripcións de ben mobles faranse, neste campo (cambiando o nome para “descriptiva técnica”).
e.4	Planos	Imaxes e documentos formato pdf, históricos ou actuais, con planos arquitectónicos, planos técnicos, esquemas de instalacións, maquetas,.... Sinalarase a data, autoría e/ou fonte do plano,
e.5	Estado de conservación	Máximo 3000 caracteres. O valoración do estado de conservación farase en relación ao estado da edificación ao final da súa “vida industrial” (entre a “fundación” -d.1- e “feche” -d.2-). As intervencións feitas dentro da súa “vida industrial”, aínda que sexan aletaracións respecto as construcións fundacionais, ou outra fase constructiva posterior, non se considerarán “alteracións” ou “destrucións”. As reformas, engadidos e alteracións realizadas despois da “vida industrial” entenderanse que non integran unha “conservación”, senon unha “destrución”. As rehabilitacións e mantementos (pintado, reposición de cubertas,

carpinterías, vidros, ...) realizados despois da “vida industrial” serán consideradas “conservacións”.

O principal valor a considerar será a durabilidade estrutural, sendo secundarias roturas, meteorizacións, erosións, cambios na coloración, lixamentos,...

A estrutura do texto será o seguinte:

1º) Encabezarase a reseña cunha valoración do estado de conservación xeral baixo os seguintes epígrafes:

- “Vestixio”, cando apenas queden algún rastro material da antiga estrutura.
- “Ruina”, cando estrutura colapsou ou está colapsando; cando, aínda sendo recoñecibles os elementos constructivos como tais, non se poida realizar unha simple rehabilitación, requeriéndose reconstrucións.
- “Moi malo”, cando a estabilidade estrutural xeral esté en risco; ou cando, nos complexos con varias edificacións, haxa edificacións en ruína e a maioría dos elementos restantes precisen dunha intervención urxente para a súa conservación.
- “Malo”, cando apenas haxa elementos en ruína pero, a maioría deles, nomeadamente os que sustentan a edificación principal, precisen dunha intervención urxente para a súa conservación.
- “Regular”, cando se dé unha situación mixta, habendo elementos en ruína, risco de derrube ou alterados por intervencións “post-industriais”, mentres que outros perviñen en bo estado.
- “Bo”, cando non haxa risco de derrube estrutural, pero si que se aprecie que algúns elementos foron alterados (despois da “vida industrial”) ou precisen de reposicións ou mantemento.
- “Moi bo”, cando se aprecie que a práctica totalidade das edificacións e elementos constructivos están en bo estado e sendo obxecto de conservación.

2º) Relatarase os motivos da valoración xeral, detallando o estado dos elementos principais e sinalando tanto as alteracións e substitucións, os

		riscos de conservación así como os elementos orixinais e mellor conservados. 3º) Data da avaliación. Notas: - en caso de incluírse estudos e valoracións de terceiras persoas sinalarase a autoría e/ou referencia bibliográfica (cunha chamada ao campo g.3). - no caso de bens mobles, a valoración farase en relación a capacidade funcional do ben (por ex: que un vehículo circule, que a máquina aínda traballe, que unha embarcación navegue,...)
e.6	Fotos descriptivas	Máximo 21. Fotos que ilustren as edificacións, espazos e materiais e elementos constructivos descritos nos campos anteriores. Ocasionalmente pode recurrirse a fotos históricas para ilustrar elementos dos que non se poida obter imaxes actuais (interiores, elementos derruídos ou tapados pola vexetación,...)

Cívica		
f.1	Visitabilidade	Nivel de acceso para o público xeral: - “libre”, en caso de que a visita do interior do exemplar esté facilitada polo propietario ou institución, e se faga dun xeito libre ou nun horario regular. - “programada”, no caso de que para visitalo interior do exemplar, sexa posible concertar a visita cos propietarios ou algunha institución responsable. - “accesible”, no caso de que a propiedade ou responsable do ben nin impida nin facilite a visita do interior, e en realidade esta se poda facer sen o uso de forza. - “só exteriormente”, no caso de que a visita interior este impedida, pero sexa posible achegarse as inmediacións do ben e ver e tocar a maior parte do exterior do ben.

		- “innacesible”, cando sexa imposible achegarse as inmediacións do ben.
f.2	Uso actual	Nun máximo de 44 caracteres, indicar o/uso actual/is do ben. O detalle da actividade actual farase ao final da “Reseña histórica” (d.4)
f.3	Propiedade	Indicaranse os propietarios/as ou concesionarios/as actuais coñecidos/as ou inferidos por noticias (indicando a fonte). No caso de ben públicos indicarse o organismo propietario e/ou xestor Indicarase tamén o caso de que sexa unha concesión en Domino Público, e a natureza do mesmo (Marítimo Terrestre, Fluvial,...)
f.4	Protección histórico-cultural	Inventariado, catalogación ou calquer outra forma de protección xurídica, incluídos as catalogación en Plans Xerais de Urbanismo e Plans Especiais dos conxuntos históricos. Indicarase a natureza da protección e a data da resolución oficial ou sentenza xudicial que a declarou. A ser posible adxuntarse ou darase o link ao documento oficial.
f.5	Afectación urbanística	Planeamento urbanístico e de organización do territorio. Tipos de solo, usos e construcións dispostos. A ser posible adxuntarse ou darase o link ao documento oficial.
f.6	Proxectos de reutilización.	Sinalarase calquer tipo de proposta de reutilización, sexan mais ou menos elaboradas. incluso simples noticias ou declaracións na prensa especialmente se recollen declaracións de cargos públicos ou asociacións cívicas, culturais, profesionais,... No caso de documentos elaborados farase citación como se fose unha fonte bibliográfica. No caso de que non poida adxuntar a documentación , farase un breve relatos (máximo 200 caracteres) e indicarse a fonte.

Coñecer máis		
g.1	Patrimonio relacionado	Farase simple listaxe, pondo o nome do elemento, sen maiores descripcións. Agruparanse os bens polo tipo de relación. Procurarase adxuntar ou linkar o item a algún tipo de documentación (fotografías, fichas de este ou outro catálogo/inventario, artigos

		xornalísticos,...) Tipos de relacións comprendidas: - bens inmobles da mesma empresa/institución. - bens mobles da mesma empresa/institución pero non directamente relacionados co exemplar en catalogación (ver campos d.7 e d.8) - exemplares da mesma tipoloxía. - exemplares que foran provedores de materias primas e outros insumos do exemplar en catalogación. - exemplares que foran clientes (suministrados por) do exemplar en catalogación. - maquinaria, vehículos e ferramentas do mesmo modelo das que se coñeza que está ou estivo integrado no exemplar en catalogación. Consideranse as condicións que afectan a bens mobles e inmobles según o criterio estipulado no punto 2 das Definicións (“ambito xeográfico”).
g.2	Testemuñas	Testemuñas directas, literais, de persoas coñecedoras de primeira man dalgún aspecto do exemplar en catalogación. Poden ser testemuñas históricas ou actuais. Citarase o nome/s da/s persoas, a súa calidade (empregados/as, empresarios/as, veciño/a, “familiar de”,...), a fonte (según normas do campo g.3) e data (no caso de ser distintos a data da fonte e a data da testemuña, poráanse ambas). A ser posible adxuntarase ou farse link á fonte. Admitirase calquer tipo de fonte (bibliográfica, artigos prensa, audiovisual,...)
g.3	Bibliografía	Citaranse fontes que traten directamente (aínda que sexa unha información puntual) sobre o exemplar en catalogación (incluídos os bens incluídos nos campos d.7 e d.8) e as persoas involucradas na súa historia. Tamén citarase as fontes que, sen tratar directamente o ben en catalogación, teñan información extensa e detallada sobre procesos e

productos que nel se realizaban(campo d.5).

Evitarase citar monografías xerais , que só aporten información contextual sobre a época, o sector, a localidade,...

A citación farase do seguinte xeito:

a) Libro completo:

APELIDO, NOME. *Título completo*. Lugar de publicación:
Editorial. Ano edición utilizada.

* para máis de 3 autores/as porase VV.AA.

Ex: EIROA DEL RÍO, FRANCISCO. *Historia y desarrollo de la pesca de arrastre en Galicia*. A Coruña: ed. Deputación Provincial da Coruña.1997

b) Capítulo dun libro de compilación ou revista:

APELIDO, NOME (do autor/a do capítulo). "Título do artigo", en *Título completo do libro* (Apellido, Nome; do coordinador/a, editor/a, compilador/a,...). Lugar de publicación: Editorial. Ano edición utilizada.

Ex: MUÑOZ ABELEDO, LUISA. "Gaspar Massó García", en *Empresarios de Galicia* (Carmona Badía, Xan; Coord.). A Coruña: CIEF. 2006.

c) Artigo de prensa:

APELIDO, NOME (do/a xornalista, en caso de non figurar autoría porase EDITORAL). "Título do artigo", en *Nome do medio*. Data.

* en caso de prensa na web farase link no título do artigo e indicaráse a data da consulta.

FUENTES, J e ANTÓN, S. "La rotonda del millón de euros", en *La Voz de Galicia*, 23-II-2015. Consultado o 17-12-2017

d) Catálogos e inventarios do patrimonio:

Nome e/ou número da ficha do "Nome do Catálogo/Inventario".

Seguidamente citarase según a tipo de fonte (publicación, recurso web,...)

exemplo 1:

[Ficha 033 \(link\)](#) do "Proyecto COAG/VIGO: patrimonio

		arquitectónico moderno y contemporáneo en Galicia 'Arquitectura industrial en Vigo" de SOBRINO FAGILDE, IRIA e CALVIÑO IGLESIAS, RAI . Vigo: ed. COAG Vigo. Ano 2008. exemplo 2: * Ficha 152 (link) do Inventario da "Asociación Galega do Patrimonio Industrial Buxa". Na páxina: www.asociacionbuxa.com. Consultado o 15-XI-2017. e) Recurso web asinado e titulado: APELIDO, NOME. "Título do recurso". Na páxina web: <i>endereço ou nome da web</i>. Data da consulta. * farase link a paxína ou documento adxunto do artigo dende o "Título do recurso". Ex: PERIS TORNER, JUAN. "Medina del Campo a Zamora y Orense a Vigo"(link). Na páxina web <i>Ferrocarriles de España</i>. Consultado o 11-01-2018. d) Recurso web sen titular e/ou asinar: Reseñaranse os datos que se consideren oportunos, ou simplemente porase o endereço web e a data da consulta.
--	--	---



MECÁNICA

- Paso 1º, inventariado.

Antes de iniciar os traballos de cumprimentación da ficha debe consultarse co coordinador/a se ten o ben inventariado ou en proceso de catalogación. Como mínimo daranse os seguintes datos: Nome do ben, Tipoloxía, Parroquia, Coordenadas (WTS 84), Fontes (de habelas).

- Paso 2º, catalogación.

(pendente de definición).

- Paso 3º, publicación.

(pendente de definición).

- Paso 4º, discusión e revisión.

(pendente de definición).

Para cualquier iniciativa de inventario, catalogación ou revisión das fichas publicadas dirixirse a p.i.riadevigo@gmail.com.